

Exaltación dos afectos

De sangue é do que fala o novo libro de Xabier Paz (A Coruña, 1949), como o seu título anuncia: *Filoxenia do sangue*. Do sangue e dos humores do corpo, do plasma e dos humores da alma. Segundo a rota xa iniciada nos seus traballois anteriores, *Sedimentos*, *No canto do mar* e, sobre todo, en *Materia de Lucrecio*, o noso autor persegue as profundidades do coñecemento da vida e do universo tratando de artellar unha cosmovisión que conteña a explicación do que material e arterialmente acontece no interior do ser humano. Dentro da nosa pel habita o misterio, dentro dese océano oculto, dese río secreto do sangue que vai circulando polas arterias e as veas, propagando a vida, anunciando a morte.

Agora ben, o materialismo más claramente filosófico do poemario anterior, nesta ocasión vai inclinándose á meditación más propriamente poética, más intensamente emocional, e isto fai


que a súa poesía gañe decibelios de emoción descoñecida: “¿Por que queremos tanto e non abonda?/¿Por que se rompe todo antes de tempo?”; “Por que morre o amor antes que a vida?”

Dentro do duro caparazón da filosofía, do estreito límite da reflexión crítica sobre a razón de todo, vai infiltrándose a exaltación (euforia, alarma, frenesi), isto é, o mundo dos afectos. Se antes predominaba a dura arquitectura do discurso filosófico que trataba de dar explicación aos fenómenos da natureza, agora o poeta déixase levar polo enigma de vivir nun-

Desde os humores da alma



ROMÁN RAÑA



ha actitude de interrogação ante os abismos, ante aquilo que non se pode explicar, definir ou, mesmo, dicir.

Non pensemos que isto é sempre así, áinda na maioria dos poemas podemos apreciar iso que se podería chamar a épica de nomear o que nos rodea ou o que nos acontece. Mais agora, repito, a actitude que respira o poema é a do desconcerto: “O que máis doe non sangra”. O que máis doe pode non ser un conxunto de células que non queren morrer, pode ser o que aniña no corazón dos homes irradiado polo sangue inmaterial da súa paixón. Por iso resulta emotivo o poema final, dedicado á figura feminina, cando o poeta confesa: “Sabendo que as palabras non curan/nin vos devolverán os días rotos,/nin o sosego de vivir/criando os fillos sen medo,/sabéndoo, escribo agora.”

PAZ, Xabier, *Filoxenia do sangue*, Col. Tambo, Dep. Pontevedra, 2007, 85 páxinas